

Proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos

Información xeral

1.	Presentación.....	3
2.	Normativa.....	4
3.	Regulamento da proba.....	4
3.1	Quen se pode presentar	4
3.2	Como é a proba	4
3.2.1	Primeiro exercicio: materias comúns	4
	Primeira parte. Lingua galega e literatura.....	4
	Segunda parte. Lingua castelá e literatura	5
	Terceira parte. Lingua estranxeira	5
	Cuarta parte. Resto de materias comúns	5
3.2.2	Segundo exercicio.....	5
	Primeira parte: materias obrigatorias de modalidade	5
	Segunda e terceira parte: outras catro materias de modalidade	5
3.3	Como se cualifica	6
	Superación da proba	6
3.4	Cando se convoca e celebra.....	7
3.5	Que estudos anteriores son validables para esta proba.....	7
3.6	Que valor teñen as cualificacións obtidas nesta proba.....	7
4.	Contidos da proba.....	8
5.	Información.....	8
6.	Outras direccións	8

1. Presentación

O título de bacharel dá acceso ás ensinanzas de formación profesional de grao superior e ás ensinanzas universitarias.

Para as persoas adultas, este título é un obxectivo importante desde o punto de vista da súa mellora e do seu perfeccionamento persoal, e tamén desde o punto de vista das posibilidades de conseguir un emprego mellor. Entre outras cousas, é condición indispensable para acceder a moitos postos de traballo convocados polas administracións públicas.

Aínda que existe en Galicia unha oferta ampla de ensinanzas presenciais, semipresenciais e a distancia a través das que as persoas adultas poden conseguir o título de bacharel, a proba é tamén un camiño que poden escoller moitas persoas para conseguir directamente o seu título.

A continuación, inclúese unha información básica sobre as características das probas, para servir de orientación a todas as persoas interesadas en presentarse a elas.

2. Normativa

- A proba para a obtención do título de bacharel está prevista na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no artigo 69.4.
- Na Comunidade Autónoma de Galicia, esta proba está regulada pola Orde do 10 de febreiro de 2012, publicada no Diario Oficial de Galicia do 21 de febreiro.
- A convocatoria de setembro de 2012 está regulada pola Resolución do 25 de maio, DOG do 7 de xuño. Nela establécese que o período de inscrición será entre o 20 e o 28 de setembro. A proba celebrarase o 25 de outubro.

3. Regulamento da proba

3.1 Quen se pode presentar

-Pódense presentar a esta proba todas as persoas que cumpran vinte anos ao longo do ano en que se celebren.

-Non se poderán presentar as persoas que estean matriculadas no bacharelato, por algunha das modalidades polas que se imparte (presencial, semipresencial ou telemática) ou que estivesen matriculadas nel o mesmo ano de celebración da proba.

3.2 Como é a proba

-A proba organízase de xeito diferenciado segundo as distintas modalidades de bacharelato.

-A proba consta de dous exercicios, o primeiro deles dedicado ás materias comúns e o segundo, ás materias de modalidade.

-Os contidos dos exercicios terán como referente os aspectos básicos do currículo recollido no Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

3.2.1 Primeiro exercicio: materias comúns

O primeiro exercicio dedícase ás materias comúns de bacharelato e terá unha duración de cinco horas. Nel valorarase a madurez intelectual e a formación xeral do aspirante naquelas competencias que favorecen a aprendizaxe ao longo da vida. Será común para as diferentes modalidades e estrutúrase en catro partes:

Primeira parte. Lingua galega e literatura

-Resposta a unha serie de cuestións nas que se valorarán as habilidades e destrezas de expresión e comprensión e as capacidades de reflexión sobre aspectos lingüísticos, de interpretación crítica de textos e de análise e recoñecemento das características textuais.

-Resposta a unha serie de cuestións sobre movementos literarios, obras e autores relevantes da literatura galega, nas que se valorarán as capacidades de comparación, interpretación e valoración crítica do aspirante.

Segunda parte. Lingua castelá e literatura

-Resposta a unha serie de cuestións nas que se valorarán as habilidades e destrezas de expresión e comprensión e as capacidades de reflexión sobre aspectos lingüísticos, de interpretación crítica de textos e de análise e recoñecemento das características textuais.

-Resposta a unha serie de cuestións sobre movementos literarios, obras e autores relevantes da literatura en lingua castelá, nas que se valorarán as capacidades de comparación, interpretación e valoración crítica do aspirante.

Terceira parte. Lingua estranxeira

A partir dun texto ou textos propostos, o aspirante deberá demostrar as súas capacidades de comprensión e expresión escritas na lingua obxecto de exame, que poderá ser inglés ou francés.

Cuarta parte. Resto de materias comúns

Exame combinado do resto das materias comúns. O aspirante responderá por escrito a unha serie de cuestións relativas aos contidos das materias de Ciencias para o mundo contemporáneo, Filosofía e cidadanía, Historia da Filosofía e Historia de España.

3.2.2 Segundo exercicio

-O segundo exercicio será diferente para cada unha das modalidades e terá unha duración de catro horas.

-Versará sobre as materias de modalidade establecidas no artigo 7 do Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Avaliará o logro dos obxectivos propios do bacharelato e a adquisición das destrezas básicas das materias da modalidade, como a comprensión de conceptos, o manexo da linguaxe científica, a resolución de problemas e a capacidade de analizar, relacionar e sintetizar.

-Este exercicio terá tres partes.

Primeira parte: materias obrigatorias de modalidade

A primeira parte está dedicada ás materias obrigatorias de modalidade (Matemáticas I e II na modalidade de Ciencias e tecnoloxía; Historia do mundo contemporáneo e Xeografía na de Humanidades e ciencias sociais).

Segunda e terceira parte: outras catro materias de modalidade

Nas outras dúas partes, o aspirante realizará o exame doutras catro materias de modalidade, que escollerá de acordo coas opcións que se sinalan nos cadros seguintes:

MODALIDADE DE CIENCIAS E TECNOLOXÍA	
Parte 1	Matemáticas (I e II)
Parte 2: unha destas opcións	Física e química e Física
	Física e química e Química
	Física e química e Electrotecnia
	Debuxo técnico (I e II)
Parte 3: unha destas opcións	Bioloxía e xeoloxía e Bioloxía
	Bioloxía e xeoloxía e Ciencias da Terra e medioambientais
	Tecnoloxía industrial (I e II)

MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	
Parte 1	Historia do mundo contemporáneo e Xeografía
Parte 2: unha destas opcións	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais (I e II)
	Latín (I e II)
Parte 3: unha destas opcións	Economía e Economía da empresa
	Grego (I e II)
	Literatura universal e Historia da arte

3.3 Como se cualifica

-Para aprobar o primeiro exercicio deberanse obter 5 puntos na súa cualificación global e acadar unha puntuación mínima de 4 puntos en cada unha das súas partes.

-Para aprobar o segundo exercicio deberanse obter 5 puntos na súa cualificación global e acadar unha puntuación mínima de 4 puntos en cada unha das súas partes.

-A cualificación de cada unha das partes dos exercicios será numérica, entre un e dez, sen decimais.

-A nota do exercicio será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes.

Superación da proba

-A proba considerarase superada cando se superen os dous exercicios que a compoñen.

-A nota media de bacharelato daquelas persoas que superen a proba será a media aritmética das puntuacións dos dous exercicios.

3.4 Cando se convoca e celebra

-Anualmente, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa publicará unha resolución na que se sinalarán as datas e lugares de celebración da proba.

-A Resolución do 25 de maio de 2012, DOG do 7 de xuño, convocou a proba de bacharelato para o 25 de outubro. O período de inscrición será entre o 20 e o 28 de setembro.

-A inscrición na proba poderá realizarse nos seguintes centros:

- Centro EPA Eduardo Pondal, A Coruña, rúa Pepín Rivero, teléfono 981278035.
- IES San Clemente, Santiago de Compostela, rúa San Clemente, teléfono 981580496.
- Centro EPA Albeiros, Lugo, parque da Milagrosa, teléfono 982211751.
- Centro EPA de Ourense, Ourense, rúa Álvarez de Sotomayor, 4, teléfono 988243834.
- Centro EPA Río Lérez, Pontevedra, avenida de Bos Aires, 26, teléfono 986861586.
- Centro EPA Berbés, Vigo, rúa Marqués de Valterra, 8, teléfono 986225579.

-Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/web/ea/>

3.5 Que estudos anteriores son validables para esta proba

-As persoas que teñan superadas as materias comúns de bacharelato terán validado o primeiro exercicio.

-As que teñan superadas seis materias de modalidade, incluídas as materias obrigatorias, das que cinco deberán ser da modalidade ou vía elixida (tres de segundo curso e dúas de primeiro), terán validado o segundo exercicio.

-As que estean en posesión do título profesional de música ou danza terán validado o segundo exercicio.

-As persoas que teñan superadas seis materias de modalidade do bacharelato regulado no Decreto 231/2002, do 6 de xuño, ou do bacharelato regulado no Decreto 275/1994, de 29 de xullo, terán validado o segundo exercicio, sempre e cando entre esas materias se atopen as obrigatorias de modalidade.

-O alumnado que accedese directamente ao segundo de bacharelato por ter superados estudos equivalentes para efectos académicos ao primeiro de bacharelato e tivese superadas as materias comúns de segundo curso terá validado o primeiro exercicio.

-Cando ese mesmo alumnado teña superadas tres materias da mesma modalidade de segundo curso, incluída a materia obrigatoria, terá validado o segundo exercicio.

3.6 Que valor teñen as cualificacións obtidas nesta proba

-Os aspirantes que superen a proba serán propostos para a obtención do título de bacharel na modalidade correspondente ás materias das que realice a proba ou na correspondente ás materias de modalidade validadas.

-Todas as persoas que participen na proba e superen algún exercicio recibirán unha certificación dos resultados deste.

-No caso de non ter superada a proba, os candidatos manterán, para as sucesivas convocatorias, a cualificación do exercicio aprobado.

4. Contidos da proba

Os contidos dos exercicios terán como referente os aspectos básicos do currículo recollido no Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de xuño).

5. Información

Para maior información: Servizo de Xestión Económica e Educación de Adultos.

-Correo electrónico:

educadultos@edu.xunta.es

-Teléfono 981546549.

6. Outras direccións

Xefaturas territoriais e oficinas da Inspección Educativa:

- A Coruña: 981 184700- 981 184731.
- Ferrol, Inspección Educativa: 981 337074/ 3.
- Santiago, Inspección Educativa: 981 540197.
- Lugo: 982 294150-982 294195.
- Ourense: 988 386661-988 386617.
- Pontevedra: 986 805938-986 805928.
- Vigo, Inspección Educativa: 986 817543/44.